

# TOUCH ME NOT (NON ME TOQUES)

Adina Pintilie, 2018

# 538

ESTREA EN NUMAX: 07.06.2019 | V.O.S.E. | +18

*Touch me not* (2018, 125')

**Dirección:** Adina Pintilie

**Guión:** Adina Pintilie

**Elenco:** Laura Benson, Tómas Lemarquis, Dirk Lange, Hermann Mueller, Christian Bayerlein, Irmena Chichikova

**Montaxe:** Adina Pintilie

**Dirección de arte:** Cosmin Cornisor, Cristian Gaman, Oskar Hopp, Razvan Ionica, Mihai Parvu

**Vestuario:** Florina Isai, Doina Raducut

**Música:** Ivo Paunov

**Fotografía:** George Chiper

**Produtora:** Manekino Film, 4 Proof Film, Agitprop, Les films de l'étranger, Pink Productions, Rohfilm (Romanía, Alemaña, República Checa, Bulgaria, Francia)

**Distribuidora:** Good Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.39:1

**Idioma orixinal:** Inglés, alemán

## PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinalde 2018 (Oso de Ouro ao Mellor Filme e Mellor Opera Prima), Premios do Cinema Europeo 2018 (Nomeado ao Premio Discovery), Sevilla 2018 (Sección Oficial)

## FILMOGRAFÍA

*Oxigen* [curtametraxe], 2010

*Balastiera #186* [curtametraxe], 2009

*Nu te supara, dar...*, 2007

## SINOPSE

O filme aborda a viaxe emocional na que se mergullan Laura, Tómas e Christian no seu afán por buscar como formalizar a súa intimidade e a súa sexualidade. Isto atráenos ao igual que os asusta, aínda que as súas ganas por se liberar das súas ataduras e do imposto pola sociedade como correcto é máis forte.

«Unha fazaña inmersiva e implacábel. Impresiona pola súa intelixencia, seguridade e orixinalidade»

Deborah Young,

THE HOLLYWOOD REPORTER



# TOUCH ME NOT (NON ME TOQUES)

Adina Pintilie, 2018

EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

**“Espero que o filme poida abrir un diálogo e fomente a empatía, a inclusión e a liberdade de expresión”**

Por Stefan Dobroiu

**Touch Me Not cambiou bastante nos últimos anos. Podes dicirnos como foi collendo a forma que ten agora?**

Desde o principio, o filme iniciouse como unha exploración persoal. Cando tiña 20 anos, pensaba que o sabía todo sobre o amor, sobre como unha relación íntima saudábel debía ser, sobre como funcionaba o desexo e todo iso. Hoxe en día, tras 20 anos de probas e tribulacións, todas as miñas ideas sobre a intimidade, que adoitaba ter tan claras, parecen perder a súa definición, e volvéronse máis complexas e contraditoriamente inquietantes.

*Touch Me Not* iniciouse como unha reflexión sobre esta viaxe subxectiva, levada pola miña curiosidade en descubrir como outras persoas experimentaban este aspecto tan desafiante das súas vidas. Nada dun longo proceso de investigación, o filme traballou cunha mestura de realidade e ficción, de actores profesionais e non profesionais, usando unha fusión de elementos escritos e reais. Un marabilloso grupo de personaxes

talentosos e valentes aventuráronse comigo nesta procura, situándose entre a borrosa área entre as súas biografías reais e as dos seus personaxes ficticios. Utilizamos procedementos como a constelación familiar, postas en escena da realidade, (re)creacións de recordos ou sonhos, reunións entre personaxes reais e ficticios, vídeo diarios, etc. A forma do filme cambiou de maneira natural mediante o complexo proceso da autoexploración que os personaxes se atreveron a levar a cabo xunta min.

**Hai algo que che gustaría dicir ao público antes de que vexan o filme? Quizais algunha clave en particular para interpretala?**

Se cadra non é algo que me gustaría dicirlle ao público pero si que espero que leven cando abandonen o cinema: que o experimenten co corazón aberto. Espero que o filme poida crear un espazo para a (auto)reflexión e a transformación no que o espectador poida sentirse desafiado a reevaluar a súa experiencia e as súas ideas sobre as relacións íntimas humanas. Que poida abrir un diálogo e fomente a empatía, a inclusión e a liberdade de expresión. Estimular a curiosidade do público sobre o outro, alguén que pode ser diferente, e a nosa capacidade empática para meternos na pel da outra persoa.

**Que te motivou a converterte nun personaxe e cales foron as túas reservas principais antes de facelo?** No filme, eu mesma, a directora e a cámara, somos principalmente testemuñas silenciosas

das experiencias dos personaxes, ao ser a lente a canle ou a ponte de comunicación que ofrece ao espectador acceso a algúns dos territorios máis íntimos na vida destas persoas. A miña presenza introduce tamén o impulso inicial, que pon o proceso de investigación en marcha, establecendo un marco de lectura para o filme. Aínda que o centro de atención non é a directora, senón estes seres humanos extraordinarios que me axudaron a redescubrir ou aprender de novo que é a intimidade. No filme son máis como unha nena que descobre o mundo con curiosidade e asombro, descubriendo como de sorprendentes e fermosos poden ser os seres humanos, canta poesía pode existir nunha persoa como Laura, Tomas, Christian, Grit e os outros. Estou profundamente agradecida aos nosos incrivelmente valentes personaxes, quen correron enormes riscos compartindo connosco, coa cámara, algunhas das súas áreas máis vulnerables.

Publicado en cineuropa.org  
Tradución: Olalla Cocina

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org

# MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que  
agardas para  
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX  
e queres compartilo,  
fai unha foto co teu  
abono e compártea.  
#eusondenumax

